

Serie A N.º 1156978

2.- Expor ó público o presente acordo e a ordenanza fiscal tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, polo prazo de 30 días hábiles.

3.-Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións e continua-lo expediente ata a súa publicación no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

ARTIGO 1º

Segundo o previsto no artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

ARTIGO 2º

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado en 0,40 %.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado en 0,30 %.

3.- Segundo o previsto na Disposición Adicional Segunda da citada Lei 39/1988, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens que os valores catastrais fosen obxecto de revisión ou modificación, será:

a) Tratándose de bens de natureza urbana, 0,40 %

b) Tratándose de bens de natureza rústica, 0,30 %

ARTIGO 3º

O non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexirán os preceptos contidos na Subsección 2ª, da Sección 3ª, o capítulo II, do Título II da referida Lei 39/1988, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 4º

En virtude do establecido no artigo 63.4 da Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada pola Lei 51/2002 (BOE 28 de decembro), establece seguindo criterios de eficiencia e economía na recadación, a exención no IBI de natureza urbana en 3 € e de natureza rústica en 4 €.

Para os inmobles de natureza rústica, ós efectos desta exención, terase en conta a cota que resulte da agrupación de tódolos inmobles desta natureza que posúa o contribuínte neste termo municipal (art. 78.2 da Lei 39/1988 de Facendas Locais, modificado pola Lei 51/2002).



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación desde o un de xaneiro do dous mil tres, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.